

CONVOCATORIA 2025 ECOBAS: APOIO Á PRESENTACIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS MEDIANTE CONSULTORÍAS ESPECIALIZADAS

O Centro de Investigación Interuniversitario *Economics and Business Administration for Society* (ECOBAS) é un centro de investigación interuniversitario no ámbito da economía e da empresa que desenvolve a súa actividade especificamente no eido da sostibilidade económica, social e ambiental. O seu obxectivo é dar resposta aos desafíos actuais a través da investigación, da transferencia de coñecemento, da innovación e da docencia, promovendo e potenciando o talento investigador con capacidade de liderado científico.

Para tales efectos, a Dirección de ECOBAS acorda publicar, en réxime de concorrencia competitiva, a [Convocatoria 2025 de Axudas ECOBAS para o apoio á presentación de proxectos europeos mediante consultorías especializadas](#). Esta convocatoria constitúe unha oportunidade para apoiar a preparación e a presentación de propostas a convocatorias europeas, especialmente en programas como *Horizon Europe*, axudas do *European Research Council (ERC)*, *Accións Marie Skłodowska-Curie*, *LIFE*, *Cohesion Fund*, *Digital Europe Programme*, *Erasmus+*, *COST Actions*, *ERA-NET*, *Interreg*, *EIC* ou outros de características similares, no período 2025-2026.

As axudas destínanse á contratación de servizos de consultoría especializada para o persoal investigador de **ECOBAS**, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento das liñas estratéxicas da súa Axenda Científica e contribuír ao impulso da proxección e do prestixio científico de **ECOBAS** como centro de investigación de referencia.

BASES E CONVOCATORIA

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto apoiar a preparación e a presentación de propostas a convocatorias europeas, especialmente en programas como *Horizon Europe*, axudas do *European Research Council (ERC)*, *Accións Marie Skłodowska-Curie*, *LIFE*, *Cohesion Fund*, *Digital Europe Programme*, *Erasmus+*, *COST Actions*, *ERA-NET*, *Interreg*, *EIC* ou outros de natureza similar, no período 2025-2026.

As axudas concédense para a contratación de servizos de consultoría especializada que contribúan a desenvolver unha investigación de excelencia no ámbito da economía, faciliten a transferencia de resultados científicos, fomenten a colaboración interdisciplinar mediante a creación de alianzas estratéxicas e promovan accións de formación innovadoras, contribuíndo así á consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan de Acción de ECOBAS:

- OE1. Exercer un liderado científico no estudo da sostibilidade a través da diferenciación, a especialización, e a investigación de fronteira.
- OE2. Captar e potenciar o talento investigador con capacidade de liderado científico.
- OE3. Fomentar e potenciar a formación de calidade e a súa internacionalización.
- OE4. Promover unha maior visibilidade, posicionamento e recoñecemento internacional.
- OE5. Acadar un maior impacto e proxección económica e social.
- OE6. Posicionar a ECOBAS como centro de referencia na investigación en sostibilidade.

2. MODALIDADE

A presente convocatoria establece unha única modalidade de apoio, consistente no financiamento total ou parcial da contratación de consultorías externas especializadas para a preparación e a presentación de propostas a programas europeos de I+D+i durante o período 2025-2026.

O apoio poderá destinarse a servizos tales como:

- Revisión e mellora de propostas.
- Apoio na redacción técnica.

- Asesoramento sobre o axuste da proposta á convocatoria europea correspondente.
- Preparación de orzamentos e aspectos administrativos.
- Busca de socios internacionais.

3. SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas as persoas investigadoras vinculadas ao Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS, que acrediten a súa intención de presentar propostas a programas europeos de I+D+i —*Horizon Europe*, axudas do *European Research Council (ERC)*, *Accións Marie Skłodowska-Curie*, *LIFE*, *Cohesion Fund*, *Digital Europe Programme*, *Erasmus+*, *COST Actions*, *ERA-NET*, *Interreg*, *EIC* ou outros de natureza similar— de carácter competitivo, durante o período 2025-2026.

4. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN DAS AXUDAS

✓ Finalidade das axudas

As axudas teñen como finalidade apoiar a preparación e presentación de propostas a convocatorias europeas de I+D+i, mediante a contratación de servizos de consultoría externa especializada.

✓ Tipos de axudas:

1. Axuda para Investigadores Principais (IP): Que lideren un proxecto europeo como persoa investigadora principal (IP) e que dito proxecto estea en fase de avaliación ou en preparación para as vindeiras convocatorias dos anos 2025-2026.
2. Axuda para Investigadores Colaboradores (Socios): Que participen como persoas investigadoras socias nun proxecto europeo xa liderado por outra persoa investigadora principal (IP) e que formen parte do consorcio como socias en proxectos europeos en fase de avaliación ou en preparación para as vindeiras convocatorias dos anos 2025-2026.

✓ Tipoloxía de gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles derivados da contratación de consultorías externas acreditadas, destinados a:

1. Revisión e mellora de propostas.
2. Apoio na redacción técnica.
3. Asesoramento sobre o axuste da proposta á convocatoria correspondente.
4. Preparación de orzamentos e aspectos administrativos.
5. Busca de socios internacionais.

✓ Contía e intensidade da axuda

As axudas poderán financiar a totalidade ou unha parte do custo dos servizos contratados.

A porcentaxe de financiamento e o importe máximo subvencionable estableceranse nas bases da convocatoria.

✓ Duración e vixencia da axuda

As actividades obxecto de subvención deberán realizarse dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

Non serán subvencionables os servizos contratados con anterioridade á data de solicitude.

✓ Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias comprométense a:

1. Presentar a documentación xustificativa dos gastos a realizar coa consultora.
2. Manifestar o seu compromiso de participar na preparación e presentación da proposta á convocatoria europea correspondente.
3. Acreditar a presentación da proposta á convocatoria europea correspondente.
4. Facilitar a información que lles sexa requirida por parte da consultora para efectos de seguimento e avaliación.

5. Facer constar o apoio de ECOBAS nas accións de difusión vinculadas á proposta.
6. Presentación da solicitude en tempo e forma.

✓ Compatibilidade das axudas

Estas axudas serán compatibles con outras fontes de financiamento, sempre que o importe total non supere o custo real do servizo subvencionado.

5. DOTACIÓN ECONÓMICA

Os fondos dispoñibles para esta convocatoria imputaranse na partida orzamentaria 2025 ECOI 131HXGF 22706, financiada con fondos FEDER procedentes das axudas destinadas á concesión da acreditación de excelencia e ao apoio aos centros de investigación do SUG.

Condições da dotación económica:

1. O importe financiable por solicitude determinarase en función do tipo de proxecto presentado, distinguindo entre:
 - a) Proxectos nos que a persoa solicitante participe como persoa investigadora principal (IP).
 - b) Proxectos nos que a persoa solicitante participe como persoa investigadora socia colaboradora.
2. O importe asignado dependerá da magnitude do proxecto e do rol que desempeñe a persoa solicitante na presentación da convocatoria europea correspondente.
3. A dotación económica poderá cubrir a totalidade ou unha parte do custo dos servizos de consultoría solicitados, atendendo á dispoñibilidade orzamentaria e aos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.
4. En ningún caso a contía concedida poderá superar o custo total da actividade subvencionable.

A concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito suficiente e realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de selección establecidos nesta convocatoria.

A distribución das axudas dependerá da avaliación interna dos proxectos presentados, atendendo aos criterios fixados pola comisión avaliadora.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos derivados do pagamento da consultoría necesaria para a preparación e a presentación de propostas a convocatorias europeas de proxectos de investigación.

6. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes realizarase mediante o envío, por parte da persoa solicitante, dun formulario dispoñible para a solicitude de financiamento (Anexo I) ao enderezo de correo electrónico: ecobas@ecobas.gal, acompañado da seguinte documentación:

- Descrición breve do proxecto.
- Convocatoria europea á que se pretende aplicar.
- Xustificación do servizo de consultoría requirido.
- Orzamento estimado do servizo.
- Calquera outra documentación que, de ser o caso, se estableza nas bases da convocatoria.

O prazo para a presentación de candidaturas será desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria na páxina web de [ECOBAS](#) e haberá un total de dous prazos para a súa presentación.

PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES		
PRIMEIRO PRAZO	Dende o 14 de outubro de 2025	Ata o 30 de decembro de 2025 ás 23.59h
SEGUNDO PRAZO	Dende o 1 de febreiro de 2026	Ata o 30 de setembro de 2026 ás 23.59h

7. . CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS DAS AXUDAS

A Comisión de Avaliación ditará a resolución de adxudicación das axudas, así como a listaxe de agarda, nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a data de peche do primeiro e segundo prazo de presentación de solicitudes. Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas, para os efectos de notificación, na páxina web de [ECOBAS](#).

Poderanse realizar as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación oficial.

Contra esta resolución, as partes interesadas poderán presentar unha solicitude de revisión da avaliación mediante correo electrónico dirixido a ecobas@ecobas.gal, no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da resolución na páxina web de [ECOBAS](#). A persoa solicitante será convocada para recibir información adicional sobre a avaliación realizada pola Comisión de Avaliación.

Se despois da revisión procedese modificación, farase unha modificación da proposta da Comisión de Avaliación. De existir crédito dispoñible no momento da resolución definitiva, éste será asignado segundo a orde de prelación que figure na lista de agarda.

8. SELECCIÓN DAS PROPOSTAS

As solicitudes admitidas serán obxecto de avaliación por parte da Comisión de Avaliación das solicitudes presentadas, a cal será elevado á Dirección do Centro e publicada na páxina web de [ECOBAS](#).

Os criterios de avaliación serán determinados por:

1. **Tipo de convocatoria á que se presenta o proxecto.** Valorarase o grao de relevancia, competitividade e encaixe da convocatoria europea (por exemplo: Horizonte Europa, Erasmus+, LIFE, etc.).

2. **Magnitude do proxecto.** Terase en conta a dimensión económica, o número de socios participantes e o impacto potencial da proposta a nivel científico, tecnolóxico e/ou social.
3. **Tipo de rol do solicitante no proxecto.** Valorarase positivamente o liderado ou coordinación do proxecto por parte da persoa solicitante, así como o seu grao de implicación nas tarefas principais.
4. **Participación de membros de ECOBAS.** Puntuará positivamente a participación dun maior número de membros de ECOBAS no consorcio ou equipo do proxecto.
5. **Criterio de igualdade.** En igualdade de condición, terán preferencias as mulleres solicitantes da axuda, co obxectivo de fomentar a igualdade de xénero na participación en proxectos de investigación europeos.

9. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros de ECOBAS:

- Presidencia: María Loureiro García.
- Secretaría: Emma María Iglesias Vázquez.
- Vogal: Pablo Cabanelas Lorenzo

Os membros da Comisión de Avaliación absteranse de intervir cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de concorrencia de circunstancias que xustifiquen a abstención de intervir no procedemento de avaliación dalgunha solicitude/s por parte dalgún dos membros da Comisión de Avaliación, esa/s solicitude/s serán avaliadas polo membro homónimo da Comisión de Avaliación Suplente integrada por:

- Presidencia: Isabel Neira Gómez.
- Secretaría: Jesús López Rodríguez.
- Vogal: Miguel González Loureiro

10. PROCEDIMIENTO DE TRAMITACIÓN DOS GASTOS

Os gastos financiados mediante esta axuda tramitaranse desde a unidade de xestión de ECOBAS, comprometéndose as persoas beneficiarias a facilitar os datos (Anexo I), así como os documentos solicitados no apartado 6 desta convocatoria.

O importe dos gastos financiados, en ningún caso, poderá superar o custo total da actividade subvencionable.

Para a xestión económica dos gastos, poderase contactar en calquera momento coa unidade de xestión de ECOBAS para solicitar asesoramento e/ou apoio na tramitación. Prégase que, no caso de precisar soporte por parte da unidade de xestión, se contacte coa máxima antelación para garantir o cumprimento do servizo. Para obter máis información sobre o procedemento de tramitación ou en caso de calquera dúbida, contactar sempre antes coa unidade de xestión de ECOBAS.

11. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas propias para persoal de ECOBAS son incompatibles con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou periodo que financie o apoio á presentación de proxectos europeos mediante consultoría especializada. Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a outras fontes de financiamento, como outras axudas ou subvencións, proxectos de investigación, outros ingresos ou recursos, sempre que o importe, en ningún caso, sexa de tal contía que, illado ou en concorrencia con outras fontes de financiamento, supere o custo total da actividade financiada. Para isto, a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.

12. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E TRATAMENTO DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD"),

e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que se facilitan na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade de ECOBAS, coa finalidade de xestionar a Convocatoria 2025 de Axudas ECOBAS para a mobilidade, e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación.

Coa súa participación nesta convocatoria, as persoas interesadas autorizan a ECOBAS para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas. Non obstante, co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá ser comunicada á persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa participante consente expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

A persoa participante ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

13. RENUNCIAS, INCUMPRIMENTO, DEVOLUCIÓN E SANCIONES

A renuncia á asignación concedida farase mediante documento escrito (Anexo III) no que se indiquen os motivos da renuncia, dirixido á Dirección de ECOBAS, quen ditará a resolución correspondente.

O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total o parcialmente as axudas percibidas.